

Concello de Mugarbos
(A Coruña)

26/2021 ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DIA 25 DE NOVEMBRO DE 2021.

Sendo as trece horas e trinta e catro minutos do día vinte e cinco de novembro do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese, aos efectos de celebrar a sesión ordinaria en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, celebrándose a mesma de xeito telemático debido a que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 1237/2021, de data 24.11.2021; sesión que se leva a cabo baixo a Presidencia do sr. Alcalde-Presidente, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia dos/as Tenentes de Alcalde, Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias e D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose pola Xunta de Goberno Local, consonte a delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 1414/2019, do 13 de decembro de 2019, delegación restituída pola Resolución da Alcaldía núm. 374/2020, do 6 de maio de 2020, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 12.11.2021 (25/2021).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria urxente realizada o día 12.11.2021 (25/2021).

2.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN OBRAS ACONDICIONAMENTO DE VIAIS E CAMIÑOS MUNICIPAIS, CONCELLO DE MUGARDOS, INCLUIDAS NO POS+ ADICIONAL 2/2020. EXPTE. 492/2021.

Vista a comunicación, de data 11.12.2020, remitida pola Deputación Provincial para a contratación da obra epigrafiada.


Visto que o expediente tramitado para a contratación das obras epigrafiadas cumpre as requisitos establecidos no artigo 116 de LCSP ao constar incorporados ao mesmo o proxecto técnico, o reformulo do proxecto, a providencia de inicio e o prego de cláusulas administrativas particulares.

Tendo en conta os informes emitidos pola secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado sumario, para as obras de acondicionamento de viais e camiños municipais Concello de Mugarbos, incluídas no POS+ ADICIONAL 2/2020, convocando a súa licitación.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de data 19.11.2021.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto, con cargo á partida 1532.61900 do orzamento vixente, da contratación seguidamente relacionada:



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

OBRA	ORZAMENTO (IVE INCLUIDO)
“ACONDICIONAMENTO DE VIAIS E CAMIÑOS MUNICIPAIS, CONCELLO DE MUGARDOS”. CÓDIGO DA OBRA: 2020.2102.0354.0	80.869,26 €

CUARTO.- Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SÉTIMO.- Sinalar que non se prevee a división en lotes polos motivos que constan na providencia da alcaldía e no prego de condicións, que se dan aquí por reproducidos.

3.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN OBRAS DE AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE NO VILAR (FRANZA) E NA RÚA YÁÑEZ BADÍA, INCLUIDAS NO POS ADICIONAL 1/2019. EXPTE. 490/2021.

Vista a circular, de data 27.09.2018, remitida pola Deputación Provincial para a contratación da obra epigrafiada.

Visto que o expediente tramitado para a contratación das obras epigrafiadas cumpre as requisitos establecidos no artigo 116 de LCSP ao constar incorporados ao mesmo o proxecto técnico, o reformulo do proxecto, a providencia de inicio e o prego de cláusulas administrativas particulares.


Tendo en conta os informes emitidos pola secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado sumario, para as obras de ampliación da rede de abastecemento de auga potable no Vilar (Franza) e na rúa Franciso Yáñez Badía, incluídas no POS+ ADICIONAL 1/2019, convocando a súa licitación.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de data 18.11.2021.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto, con cargo á partida 161.60900 do orzamento vixente, da contratación seguidamente relacionada:

OBRA	ORZAMENTO (IVE INCLUIDO)
“AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE NO VILAR	56.938,22 €



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

(FRANZA) E NA RÚA YÁÑEZ BADÍA". CÓDIGO DA OBRA: 2019.2001.0513.0	
--	--

CUARTO.- Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SÉTIMO.- Sinalar que non se prevee a división en lotes polos motivos que constan na providencia da alcaldía e no prego de condicións, que se dan aquí por reproducidos.

4.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SUBMINISTRACIÓN VEHÍCULO POLICÍA LOCAL MUGARDOS, INCLUÍDO POS+ ADICIONAL 2019. EXPTE. 125/2021.

Vista a circular, de data 24.10.2019, remitida pola Deputación Provincial para a contratación da subministración epigrafiada.

Visto que o expediente tramitado para a contratación da subministración epigrafiado cumpre os requisitos establecidos no artigo 116 de LCSP ao constar incorporados ao mesmo a providencia de inicio, os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

Tendo en conta os informes emitidos pola secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado sumario, para a subministración de vehículo da policía local, incluído no POS+ ADICIONAL 1/2019, convocando a súa licitación.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de data 25.10.2021.


TERCEIRO.- Aprobar o gasto, con cargo á partida 132.62400 do orzamento vixente, da contratación seguidamente relacionada:

OBRA	ORZAMENTO (IVE INCLUIDO)
"VEHÍCULO POLICÍA LOCAL MUGARDOS". CÓDIGO DA OBRA: 2019.2001.0512.0	30.000,00 €

CUARTO.- Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A



Concello de Mugarodos
(A Coruña)

documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SÉTIMO.- Sinalar que non se prevee a división en lotes polos motivos que constan na providencia da alcaldía e no prego de condicións, que se dan aquí por reproducidos.

5.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN OBRAS DE HABILITACIÓN DE ESPAZO PARA APARCAMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NO ENTORNO DO COLEXIO CPR LOYOLA, INCLUIDAS NO POS+ 2020. EXPTE. 489/2021.

Vista a circular, de data 30.07.2020, remitida pola Deputación Provincial para a contratación da obra epigrafiada.

Visto que o expediente tramitado para a contratación das obras epigrafiadas cumpre as requisitos establecidos no artigo 116 de LCSP ao constar incorporados ao mesmo o proxecto técnico, o reformulo do proxecto, a providencia de inicio e o prego de cláusulas administrativas particulares.

Tendo en conta os informes emitidos pola secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado sumario, para as obras de habilitación de espazo para aparcamento e mellora da accesibilidade peonil no entorno do Colexio CPR Loyola, incluídas no POS+ 2020, convocando a súa licitación.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de data 22.11.2021.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto, con cargo á partida 133.60900 do orzamento vixente, da contratación seguidamente relacionada:


OBRA	ORZAMENTO (IVE INCLUIDO)
“HABILITACIÓN DE ESPAZO PARA APARCAMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NO ENTORNO DO COLEXIO CPR LOYOLA”. CÓDIGO DA OBRA: 2020.2100.0037.0	69.538,31 €

CUARTO.- Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SÉTIMO.- Sinalar que non se prevee a división en lotes polos motivos que constan na providencia da alcaldía e no prego de condicións, que se dan aquí por reproducidos.



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

6.- NOMEAMENTO DE DIRECTOR DE OBRA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE E APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE LOUSA DE FORMIGÓN DE 280 M2 NO BAÑO. EXPTE. 1745/2021.

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de dada 28.01.2021 adxudicouse a obra de LOUSA DE FORMIGÓN DE 280 M2 NO BAÑO, sin terse nomeado director da obra nin coordinador de seguridade e saúde.

E visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra de LOUSA DE FORMIGÓN DE 280 M2 NO BAÑO, aportado pola empresa adxudicataria da mesma – EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE S.L. – de data 10.11.2021, redactado por Dna. Begoña Salido Couce.

E tendo en conta o informe favorable do Plan de Seguridade e Saúde no traballo, emitido en data 11.11.2021, polo técnico, D. Vicente Vázquez Lourido (BAREFAR INGENIERIA S.L.) obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Nomear director técnico e coordinador de seguridade e saúde da obra ao Enxeñeiro de camiños, canais e portos, D. Vicente Lourido Vázquez (BAREFAR INGENIERIA S.L.)

2º.- Prestar a súa aprobación ao plan de seguridade e saúde das obras de "LOUSA DE FORMIGÓN DE 280 M2 NO BAÑO " presentado pola empresa EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE S.L., adxudicataria da mesma.


3º.- Notificar o presente acordo ao interesado, ao/a coordinador de seguridade e saúde e ao adxudicatario das mesmas, para o seu coñecemento e efectos.

7.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PANEIS INTERPRETATIVOS TURÍSTICOS NAS PARROQUIAS DE MUGARDOS: FRANZA, MEHÁ, MUGARDOS E PIÑEIRO, INCLUÍDOS NUNHA SUBVENCIÓN DA AXENCIA DE TURISMO, POLA MODALIDADE DE CONTRATO MENOR. EXPTE. 1788/2021.

Vistas as ofertas presentadas para a subministración epigrafiada:

LICITADOR	PREZO SEN IVE	IVE 21%	TOTAL
GLOBALSER SOLUCIONES INTEGRALES SLU (NRE 2021-E-RE-1989/23.11.2021)	14.978,10 €	3.145,40 €	18.123,50 €
FARO INSTALACIONES Y CONTRATAS S.L. (2021-E-RE-1993/23.11.20201)	14.950,00 €	3.139,50 €	18.089,50 €
MANUEL DO PICO BOUZAS (2021-E-RE-1992/23.11.2021)	14.978,10 €	3.145,40 €	18.123,50 €

Tendo en conta o informe da interventora municipal, así como o documento contable de retención de crédito, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

1º.- Declarar xustificada a celebración do contrato polos motivos que constan na providencia da alcaldía de data 19.11.2021, e que a contratación non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

2º.- Adxudicar o contrato a FARO INSTALACIONES Y CONTRATAS S.L. co CIF. B94189776, pola modalidade de contrato menor, por estar o presuposto dentro dos límites establecidos na Lei de contratos do sector público, a SUBMINISTRACIÓN DE PANEIS INTERPRETATIVOS TURÍSTICOS NAS PARROQUIAS DE MUGARDOS: FRANZA, MEHÁ, MUGARDOS E PIÑEIRO, INCLUÍDOS NUNHA SUBVENCIÓN DA AXENCIA DE TURISMO, no prezo de DEZAOITO MIL OITENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (18.089,50 €), IVE incluído, por ser a oferta mais vantaxosa para o concello, prezo desglosado que figura a continuación:

Prezo sen IVE: 14.950,00 €

IVE: 3.139,50 €

Total con IVE: 18.089,50 €

3º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 432/62900, do vixente presuposto, prorrogado de 2020.

4º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e ao resto de licitadores .

8.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO ALUMEADO FESTAS DE NADAL 2021/2022, POLA MODALIDADE DE CONTRATO MENOR. EXPTE: 1646/2021.

Vista a oferta presentada polo licitador JESÚS PICO LÓPEZ (R.E. 2021-E-RE-1997/23.11.2021), para o servizo epigrafiado, e tendo en conta o informe da interventora municipal, así como o documento contable de retención de crédito, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade:

1º.- Declarar xustificada a celebración do contrato polos motivos que constan na providencia da alcaldía de data 02.11.2021, e que a contratación non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

2º.- Adxudicar o contrato a JESUS PICO LÓPEZ co NIF. 32689797N, pola modalidade de contrato menor, por estar o presuposto dentro dos límites establecidos na Lei de contratos do sector público, o SERVIZO ALUMEADO FESTAS DE NADAL 2021/2022, no prezo de DEZAOITO MIL OITENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (18.089,50 €), IVE incluído, prezo desglosado que figura a continuación:

Prezo sen IVE: 14.950,00 €

IVE: 3.139,50 €


Total con IVE: 18.089,50 €

3º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 338.22799, do vixente presuposto, prorrogado de 2020.

4º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.

9.- EXPEDIENTE 12/2021. SOLICITUDE DE LICENZA OU AUTORIZACIÓN URBANÍSTICA. AMPLIACIÓN DA REDE PARA O SUBMINISTRO DE GAS CANALIZADO NAS LAGOAS NÚM. 28.

Tendo en conta os informes emitidos polos servizos técnicos municipais e o secretario da Corporación, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo, rehabilitación e mobilidade, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder, sen perxuicio de terceiros e



Concello de Mugarodos
(A Coruña)

deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, a seguinte licenza de obra:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e a colocación de cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos/as técnicos/as directores/as e do/a contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, prazos para o inicio remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- CELESTINA LÓPEZ MORTE en representación de NEDGIA GALICIA S.A. (EXPTE. 2021/U022/000015 e 12/2021) segundo solicitude de data 3 de maio de 2021, para ampliación da rede para o subministro de gas canalizado nas Lagoas núm. 28, parcela de referencia catastral: 0419031NJ6101N. Unha vez depositado na Tesourería municipal en data 15.11.2021 aval bancario para responder das obras de reposición do pavimento cos mesmos materiais existentes polo importe total de 583,66 €.

A obra solicitada é para ampliar a rede 8 m. de lonxitude e unha acometida de 6 m. de lonxitude da subministración de gas natural canalizado para o inmovible situado na rúa As Lagoas núm. 28.


As obras de ampliación da rede discorrerán por vía pública dentro da delimitación de solo urbano.

A canalización está definida no *“Proyecto de ampliación de red de gas canalizado en el municipio de Mugarodos (A Coruña) Lagoas 28”*, asinado pola enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba e visado polo colexio profesional o 02.07.2021.

O director de execución é o enxeñeiro técnico Ángel Manuel López Lence; e como o coordinador de seguridade e saúde é o enxeñeiro técnico industrial Juan Francisco Elosúa Capellán.

A obra deberá cumprir coas condicións seguintes:

- O Concello poderá inspeccionar a execución, pero en ningún caso isto suporá asumir a responsabilidade sobre a execución, danos ou calquera outro efecto das obras e que non suporá tampouco aceptación automática da execución ou reposicións que estarán ao que resulte da comprobación final, do certificado de dirección de obra e do prazo e condicións de garantía.
- O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ao concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras.
- Todos os danos observados na beirarrúa e na vía pública como consecuencia das obras serán reparados polo promotor no prazo máximo de 1 mes unha vez finalizada a obra.
- Aínda que a seguridade da obra non é competencia do Concello, si que lle corresponde á administración municipal, como titular dos dominios públicos viarios afectados, velar pola seguridade das persoas que circulen ou se vexan afectadas polas obras, polo que deberán de incluír as seguintes e especificacións, impostas polo Concello nas condicións de licenzas outorgadas para actuacións similares:
 - o As gabias quedarán pechadas ao final da xornada diaria.
 - o Previamente á escavación de toda a gabia debe procederse ao corte do pavimento con radial ou levantamento individual de baldosas para regularizar os bordos.
 - o As gabias e ocos de escavación deben manterse abertas o mínimo imprescindible e sempre con delimitación que impida o paso a persoas alleas, caídas, etc.
 - o A terra procedente da escavación depositarase ocupando espazos mínimos e sen impedir o paso a calquera usuario (rodado ou peonil) debendo coidarse especialmente a limpeza final tras cada retirada das ditas terras. Non deberán depositarse entullos na vía pública salvo se están no interior de contedores ou recipientes de volume axeitado, debendo quedar ao remate da xornada todos os materiais ordenados e recollidos e a zona de traballo limpa.



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

- Evitarase que a terra ou os entullos ceguen os sumidoiros de saneamento por arrastres debidos ás augas de chuvia.
- Debe requirirse celeridade na execución de apertura e peche de gabias, incluíndo a reposición de pavimentos que fose precisa en cada tramo.
- A reposición de pavimentos debe facerse de forma inmediata ao peche da gabia e sempre con idéntico material ao existente no pavimento primitivo. En particular os aglomerados asfálticos serán en quente e as pezas de beirarrúa idénticas ás existentes en cada tramo ou zona.
- Nos accesos a vivendas, comercios e actividades, etc., así como nos cruces e pasos de peóns que teñan que ser cortados provisionalmente por gabias, dispoñerán mentres dure o corte dos pasos mediante taboleiros ou algún sistema de seguridade axeitado, con varandas laterais de protección.
- Toda a obra debe estar axeitadamente sinalizada, incluso con sinais luminosos de funcionamento polo día, e pola noite se é preciso.
- O valado debe impedir o acceso á zona de obras a toda persoa allea ás propias obras.
- Todo iso sen prexuízo do control que poderá establecer o Concello e de posibles melloras e adaptacións de seguridade a definir en función da execución das obras.

Presuposto de execución material: 1.299,96 €.

Prazo de inicio das obras: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

Prazo do que poderá solicitar prórrogas.

10.- DESISTIR DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA PRAZA DE ABASTOS PARA ADECUALA ÁS NOVAS NECESIDADES DE POSTOS DE VENDA, AO ABEIRO DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP) APROBADAS PARA OS GALP. EXPTE. 119/2021.


Mediante comunicación da Consellería do Mar (R.E. 2021-E-RC-3809/23.09.2021) concedíase ao Concello unha prórroga do prazo de execución e xustificación do PROXECTO (GALP2-071) “MODERNIZACIÓN MERCADO MUNICIPAL, POSTA EN VALOR PRODUTOS LOCAIS” PRESENTADO POLO CONCELLO DE MUGARDOS ata o 20 de decembro de 2021. Ante a imposibilidade de ter executada e xustificada á obra dentro do prazo establecido faise necesario desistir da realización das obras, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Desistir da execución e contratación das obras de “REFORMA DA PRAZA DE ABASTOS PARA ADECUALA ÁS NOVAS NECESIDADES DE POSTOS DE VENDA, AO ABEIRO DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP) APROBADAS PARA OS GALP”.

2º.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante.

11.- EXPEDIENTE 1832/2021. RELACION CONTABLE DE FACTURAS F/2021/50.

Vistos os gastos orixinados polas facturas recollidas na proposta de relación contable de facturas número F/2021/50, e posto que a competencia para resolver a discrepancia en relación aos reparos formulados pola Intervención municipal no seu informe de data 24.11.2021 acerca da citada relación contable de facturas, corresponde de acordo co disposto no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de



Concello de Mugardos
(A Coruña)


marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, ao Alcalde/sa, dispoñendo dito precepto que esta facultade non será delegable en ningún caso.

Visto que mediante Decreto 2021-1234 con data 24.11.2021 o Alcalde levantou o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal, no seu informe de data 24.11.2021, e considerandose , que a ausencia de contratación de determinados servizos e/ou suministros constitúe unha irregularidade que esixe o trámite da súa convalidación mediante o correspondente acordo do órgano competente, neste caso a Xunta de Goberno Local, para a “A aprobación de facturas que superen individualmente os 6000 € (ive incluído)” (RA nº1414/2019 de 13.12.2019).

Vistos os gastos orixinados polas facturas recollidas na proposta de relación contable de facturas número F/2021/40, e que máis adiante se detallan, e visto o informe de intervención, e consonte a delegación prevista no punto 5 do apartado cuarto da Resolución de Alcaldía 1414/2019, de 13 de decembro e a correspondente restitución das atribucións delegadas na Xunta de Goberno Local mediante Resolución de Alcaldía 374/2020, de 6 de maio de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar , segundo o caso, as cantidades dos gastos orixinados polas facturas incluídas na relación contable de facturas número F/2021/50, polo importe bruto total de 104.435,15 euros, e que de seguido se relacionan:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Progr	Econ
F/2021/2098	29/10/2021	FE-21-0021	7.445,45	44816695E	ANGEL MANUEL GONZALEZ CARNEIRO	SERVIZO DE CATERING XANTARES CEIP UNION MUGARDESA E SANTIAGO APOSTOL DE FRANZA DO 01/10/2021 A 29/10/2021.	326	22799
F/2021/2101	31/10/2021	AA21 000319	9.801,00	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	Presupuesto AA21000196 de fecha 24-08-2021 / DEMOLICIÓN DE VIVIENDA EN RUA CANO (DEMOLICIÓN DE VIVIENDA EN RUA CANO) /	150	22799
F/2021/2102	31/10/2021	AA21 000320	6.292,00	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	Presupuesto AA21000198 de fecha 30-08-2021 / DEMOLICIÓN DE SEGUNDA VIVIENDA EN RUA CANO (DEMOLICIÓN DE SEGUNDA VIVIENDA	150	22799



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

F/2021/2106	02/11/2021	C00 888	7.691,29	G15597669	FUNDACION DE ESTUDIOS E ANALISES	IMPARTICIÓN DE DOCENCIA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MUGARDOS CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2021	231	22799
F/2021/2114	03/11/2021	Emit- 12	38.131,86	J70555958	M98 S.C.	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MES DE OUTUBRO 2021.	231	22799
F/2021/2119	03/11/2021	205089718	12.490,82	A15739048	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A.	SUMINISTRO DE AUGA POTABLE MES DE OUTUBRO 2021.	161	22101
F/2021/2123	04/11/2021	2021/2808	13.072,25	A15379803	SOGAMA, S.A.	Tratamento RU Mes Outubro 2021 (AYUNTAMIENTO DE MUGARDOS)	1621	22799
F/2021/2189	08/11/2021	F 211331	9.510,48	B70101035	GRUPO DISNAINGA S.L.	REPUESTO PLACA FRONTAL / CASCO HPS 7000 PRO H1 AMARILLO / LAMPARA LED INTEGRADA A CASCO / CUBRENUCAS NOMEX ALUMINIZADO /	136	22104
			104.435,15					

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e corenta e sete minutos do día ó comezo sinalado, polo sr. Alcalde levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.